



O Club dos Catro Emes

PREMIO EDEBÉ DE LITERATURA INFANTIL

JUAN RAMÓN SANTOS

O Club dos Catro Emes

Ilustracións de Paula Blumen

PREMIO EDEBÉ DE LITERATURA INFANTIL

rodeira

Obra gañadora do Premio Edebé de Literatura Infantil segundo o ditame do xurado formado por: Teresa Colomer, Ángeles González-Sinde, Antonio Itube, Roberto Santiago e Vicenç Villatoro.

Título orixinal: *El Club de las Cuatro Emes*

© Texto: Juan Ramón Santos, 2021

© Ilustracións: Paula Blumen, 2021

© Tradución: Rosario Baleirón Sónora

© Ed. Gal.: Rodeira, 2021

Rúa Rafael Alberti, nº 11, baixo

15008 A Coruña

www.edebe.com

Atención ao cliente: 902 44 44 41

contacta@edebe.net

Directora de Publicacións: Reina Duarte

Editora de Literatura Infantil: Elena Valencia

Deseño da colección: Book & Look

Primeira edición, marzo 2021

ISBN: 978-84-8349-709-8

Depósito legal: B. 1144-2021

Impreso en España

Printed in Spain

EGS - Rosario, 2 — Barcelona

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei. Dirixíxase a CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos) se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra (www.conlicencia.com; 91 702 19 70 / 93 272 04 45).

*A Mafalda e Fátima,
as primeiras lectoras deste livro.*

Índice

1. Madán Lamboné.....	9
2. <i>In fraganti</i>	17
3. Un nome para a banda.....	23
4. Argallando un plan.....	29
5. Lulú.....	37
6. Gato encerrado.....	43
7. Un cambio de plans.....	51
8. Outro bautizo.....	57
9. Lánguido domingo.....	63
10. Tras a pista de Perruque.....	69
11. A escrava da tía Madeleine.....	75
12. O espolio.....	83
13. A fin dos soños.....	101
14. Como dar un escarmento.....	109
15. Manuelponse pesado.....	115
16. O raio paralizador.....	121
17. O segredo de Perruque.....	133

18. Perruque ten un plan	141
19. Entre esquío e rato.....	151
20. <i>Merci bien</i>	171
Epílogo	175

1

Madán Lamboné

Como calquera comerciante de artigos para a infancia que se valore, Madán Lamboné odiaba os nenos.

De moza estudara secretariado na Academia Ramiro: un pouquiño de francés e un moitiño de mecanografía e de taquigrafía, coñecementos que lle custou moito aprender e que se foron volvendo innecesarios conforme medraban e se multiplicaban os ordenadores e as gravadoras.

O seu soño fora traballar en París nas oficinas dalgún organismo internacional, vestir axustados traxes de chaqueta, levar coquetos zapatiños de tacón e percorrer os Campos Elísios nun coche redondo e diminuto. Porén,

cruzáraselle o amor en forma dun viaxante de comercio con alma de poeta que, de noivos, escribíalle romances, pero, despois de casados, o máis que lograba armar de vez en cando era algún que outro pareado, e iso os primeiros anos de matrimonio.

Despois viñeron os fillos, os cueiros, os mandilóns, os protectores dos xeonllos..., ata que se fixeron maiores e marcharon estudar. O único que lle quedou foi soidade de luns a venres e moita roupa para lavar e pasarlle o ferro no sábado e no domingo.

Foi por iso que, para escorrentar o aburrimiento, decidiron montar unha tendiña, con algúns aforros que tiñan, onde vender xornais e revistas, pero tamén pan e, sobre todo, lambonadas, xeados, cromos, xoguetiños, cadernos para colorear e todo tipo de escintilantes caprichos para a infancia. Do tempo dos soños e da Academia Ramiro, pouco máis lle quedara que a maneira rápida e arrevesada de tomar notas, a forma de vestir un chisco atilada, un xeito un pouco estraño ao falar e



un gusto indiscriminado polo francés, que foi o que a levou a chamarlle á súa tenda, con floriñas e abuso de cor rosa, *Madame Golosine*, e o que fixo que, naquela súa cidade que tiña tanto de vila, todo o mundo acabase chamándolle *Madán Lamboné*.

Ela odiaba, como xa dixemos, os pícaros, pero iso é algo que ninguén que non fose neno afirmaría endexamais, pois era extremadamente cortés e educada cos adultos, dando os bos días, as boas tardes, as boas noites, preguntando polas vacacións, polo traballo ou pola nai enferma, facéndolles garatuxas aos fillos ou aos netos e abríndolles de par en par a tenda coma se fose o templo da felicidade, un lugar onde estar a gusto e comer doces ata fartar.

Polo contrario, cando os rapaces ían sós, sen a súa nai, sen o pai ou sen a súa avoa, Madán Lamboné engurraba o cello, endurecía a súa voz melindreira e desconfiaba das intencións dunhas criaturas ás que tiña, xa de antemán e sen xuízo previo, por auténticos

delincuentes. Pouco amiga das tecnoloxías, na tenda de lambetadas non se vían cámaras nin cables nin ordenadores, pero, con habilidade extrema, distribuía por todo o local unha rede de espelliños disimulados que lle ofrecían, sen ti o saberes, ángulos de visión insospeitados. Por iso non era difícil, mentres intentabas atrapar coa pinza unha regalicia coloradiña, unha mora negra ou unha banana de *gominola*, que ao mirar para un lado atopases de súpeto, vixilante, en indiscreto reflexo, o rostro desconfiado de Madán Lamboné, as súas pestanas tesas de rímmel, apertando os dentes, axexando, ansiosa por detectar o máis mínimo furto.

Porque, no fondo, parecía estar desexando que lle roubasen para berrar coma se a esfolasen e denunciar o meniño ante os seus pais e velo chorar ás cuncas e sen consolo ao recibir o castigo. Quizais por iso, cando os nenos escollían unha por unha as súas larpeiradas para non se pasar e contaban unha por unha as súas moediñas para asegurarse

de que tiñan cartos abondos, ela poñíase moi nerviosa, e non era raro que, se non a vía ningún, acabase arrincándolles as moedas das mans e arrebolándolles a volta de moi malas maneiras sobre o mostrador, pode que para ver se con sorte algunha saltaba ao chan e se coaba debaixo.

Gozaba enviando as pequenas patinadoras de volta ao parque en canto axexaban cos seus chatos narices pola porta da tenda. Dicíalles que tiñan que poñer as botas ou as zapatillas se querían mercar lambetadas, porque lle raiaban a tarima con aqueles cachifallos horrorosos. Pero se esas mesmas nenas acudían sobre rodas con seus pais, convidábaas cariñosamente a entrar dicíndolles que non se preocupasen, pregándolles, soamente, que tivesen coidado, non fosen esvarar, caer ao chan e mancarse. E o mesmo acontecía cos nenos e cos balóns: se o rapaz aparecía só, a pelota era unha arma mortífera coa que non podía traspasar o limiar da tenda, pero se se viña con súa nai, convertíase nun simpá-

tico complemento do pícaro, que sempre lle parecía moi fermoso e que lle facía exclamar despois dun cariñoso belisco nas fazulas, cun dominio da arte dramática que xa quererían para si moitas actrices: «Pero que ben que os rapaces fagan deporte!».

Estas e outras moitas maldades, das que só os nenos, eternamente incomprendidos, eran testemuñas, practicaba cada día Madán Lamboné na súa pequena tenda, situada xusto en fronte do parque chairo. Por esa, e por outras moitas razóns (lendas urbanas de nenos azoutados con saña pola tendeira), era, para Matilde e os seus amigos, a mesmísima encarnación do mal.